

1. HÁBITAT:

	Temp. Mínima	Temp. Óptima	Temp. Máxima
Xerminación	10°C	20-30°C	—
Crecedemento vexetativo	10°C	21-28°C	37°C
Polinización	—	15-25°C	—
Morte da planta	0-2°C	—	—
Floración	10-12°C	—	35°C

-Solo: os máis indicados son os lixeiros, de textura franco-limosa, con bo drenaxe e ricos en materia orgánica. En solos moi arcillosos e demasiado salinos vexeta deficientemente. É moi sensible aos encharcamentos. Os valores de pH óptimos son de 6-7,5. Tamén é moi sensible á salinidade, tanto do solo como da auga de rega.

-Clima: é unha planta de clima húmido e suave, dando boas producións en climas cálidos. Non soporta as xeadas, pero este non é un problema demasiado importante pois pola época en que se cultiva so pode dar problemas nos últimos momentos da recolección.

Por debaixo de 15°C e por encima de 30°C aparece vexetación pouco vigorosa e deformacións nas vainas.

É importante que non haxa excesivas oscilacións de humidade.

2. CICLO VEXETATIVO:

Anual. Moi tardío, maior aos 136 días. Comeza cun forte crecedemento vexetativo. Logo aparecen as primeiras flores das que saíran as vainas. Se está o cultivo ben abonado, seguirá botando flores xunto coas vainas.

3. TÉCNICAS DE CULTIVO:

Abonado:

O abonado orgánico aplícase durante o mes de marzo. A cantidade aproximada será de 30-40ton./ha. O abonado químico será dun equilibrio 1-2-3. Este faise manualme te en liña antes da sementeira. Dende o comezo da floración ata o inicio da colleita a planta é moi esixente en nutrientes, xa que neste período coinciden flores e froitos. Aplícanse abonos foliares de fósforo cando comecen a aparecer as primeiras flores e de fósforo e potasio (fitoprom 0-30-20) cando se comecen a formar as primeiras vainas. A faba necesita un pH moi alto (6,5-7,5) polo que será necesario encalar practicamente todos os anos.

Labores:

Comézase dando un pase de fresadora para incorporar a materia orgánica e para triturar a capa superficial. Se o terreno se observa moi compactado, daráselle un pase co arado chisel para romper en profundidade o terreo. Despois dase unha labor co arado de vertedeira para “voltear” a terra. Incorporárase o abonado químico de fondo e logo dase unha última labor de fresadora para preparar o terreo para a sementeira.

Rego:

É unha planta moi sensible á falta ou exceso de auga. Os regos deben facerse con frecuencia, sen exceso de auga e evitando os encharcamentos. O mellor sistema sería por goteo. Durante a floración non se deberá regar pois isto pode provocar o aborto de flores.

Sementeira:

Realízase a mediados de maio. Previamente fanse os regos co chisel (deixando só unha rella) para así facer as os regos rectos. Logo sementarase manualmente e tapase a faba cos pés. A semente poñerase a unha profundidade de 2-5 cm. O marco de plantación será de 1,6 metros entre liñas (para favorecer a aireación) e de 40 cm entre plantas. A densidade é de 1,5 sementes por m², e sobre 15 kg por ha. No momento en que se fai a sementeira, faise un ensemillado en bandexas para repoñer as sementes fallidas da plantación. Sobre 0,5 kg por cada 4 kg sementados na leira.

Entutorado:

Realízase un entutorado con estacas de madeira duns 2,5 metros de altura, cravadas 50 cm e colocadas cada 4 metros nas liñas de cultivo. As estacas únense na punta con un cordel o máis tensado posible, ao cal, se atara a malla pola que gabeará a planta. O tipo de rede será de un só uso, biodegradable. A densidade aproximada é de 2- plantas m² e de 20 kg de semente por ha. (incluídas as marras).

Recolleita:

Dende a última semana de setembro ata mediados de novembro. Para a venta en verde e en vaina a recolección será manual, vaina a vaina. Cargaranse para caldeiros ata a nave para alí clasificalos para a venta. O transporte farase manualmente xa as parcelas están preto do nave. As vainas que teñan só 1-2 grans ou algún tipo de defecto debullaranse e as demais venderanse en vaina.

Escardas:

Como a cebola, ata incorporalo ao terreo. Máis adiante para controlar as malas herbas entre liñas aplicarase un herbicida de contacto non sistémico (diquat 20%) . Utilizarase unha campana localizadora para non danar a planta. Entre as plantas normalmente non fai falla controlar as malas herbas porque a follaxe domina, pero se fose necesario faríase unha escarda mecánica co sachó.

4. PRAGAS E ENFERMIDADES:

É un cultivo pouco sensible a enfermidades pero moi atacado por plagas. Cun exceso de humidade nas primeiras fases de crecemento poden aparecer problemas no nacemento por pudrición da semente e na raíz enfermidades como Rizoctonia Solani e Fusariose (tratamento con iprodiona). Tamén pode aparecer mildeu, antracnose e oidio.

Pulgón: é a plaga máis común. Normalmente haino que controlar 3-4 veces durante o cultivo (con Decis protech). Se se deixa avanzar, baixa considerablemente a produción.

Gorgoxo (*Acanthoscelides obtectus* Say)

O gorgoxo é un pequeno coleóptero que se desenvolve, no seu período larvario, no interior do gran da faba. Isto provoca a súa inutilización comercial, ocasionando importantes perdas económicas.

O ciclo da comezo no campo. Os gorgoxos efectúan a posta dos ovos no interior dos bagullos en estado de madurez comercial (secas). O nacemento das larvas prodúcese aos 8-10 días, momento no que estas se introducen no interior dos grans, onde se desenvolven embrionariamente ao longo de 2180 días. A duración deste período depende da temperatura e da humidade do almacén ou silo no que se produza a maduración.

Se a temperatura e a humidade son favorables poden chegar a desenvolverse ata cinco xeracións de gorgoxos, estragando por completo o gran almacenado. Os insectos pasan o inverno nos almacéns ou silos, ben entre o grao ou noutros escondedoiros, invadindo de novo os cultivos da campaña seguinte.

Os tratamentos químicos aplicados no campo poden reducir ostensiblemente os ataques deste insecto. De todos os xeitos, para garantir a desinfección é convinte complementar estes procesos químicos cos físicos (conxelación e envasado ao baleiro) unha vez colleitado o gran.

Ademáis: araña vermella, araña branca, mosca branca, trips, minadores de folla, nemátodos, eirugas...

Fisiopatías:

Caida de flores: por cambios bruscos de temperatura, crecemento vegetativo excesivo, exceso de temperatura, exceso de auga....

Amarelamento ou marchitez foliar: baixada brusca da humidade relativa e deficiencias hídricas.